

## CONVOCATORIA DE PRÁCTICAS EXTERNAS EXTRACURRICULARES EN EMPRESAS

### PERIODO DE REALIZACIÓN DO 23 DE OUTUBRO DO 2019 ó 14 DE MAIO DO 2020

#### 1.- OBXETO E ÁMBITO

O presente convocatoria ten por obxecto á realización das Prácticas Académicas Externas (PE) extracurriculares do estudantes que cursan estudos das ensinanzas artísticas superiores de Deseño reguladas segundo o Decreto 172/2015, do 29 de outubro que constitúe o plan de Estudos das ensinanzas artísticas superiores de Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia.

#### 2.- MARCO XURÍDICO

A realización de prácticas académicas externas fundamentase xuridicamente, ademais de polo presente Regulamento e polas normas oficiais referidas a os estudos oficiais, no artigo 11.5 do Real Decreto 1614/2009, do 26 de Outubro (BOE do 27 de outubro), no artigo 6.3.c do Real Decreto 633/2010, do 14 de mayo (BOE do 5 de Xuño), polo Decreto 172/2015 do 29 de outubro e polo Decreto 61/2011 do 24 de marzo polo que se establece o regulamento orgánico das Escolas de Arte e Superiores de Deseño da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### 3.- NORMAS XERAIS

A EASD Mestre Mateo a través do Departamento de Relación con Empresas, Estudos ou Talleres, convoca prácticas externas extracurriculares para o alumnado matriculado nos Estudos Superiores de Deseño, para realizar do período que vai **dende o 23 de OUTUBRO DO 2019 ó 14 de MAIO DO 2020**.

#### 4.- DURACIÓN

O período de prácticas terá unha duración mínima de 125 horas (5 ECTS) e máxima de 750 horas (30 ECTS) a realizar no prazo máximo de 6 meses.

A equivalencia establécese en 1 ECTS por cada 25 horas de práctica. A Xornada será dun máxima de 8 horas diarias e 40 semanais.

#### 5.- REQUISITOS DOS ESTUDANTES

- Segundo se contemplan nas Instrucións de Prácticas da EASD, consultar na seguinte ligazón: <http://www.easd.es/gal/empresas/informacion-alumnado>

#### Condicións e mencións especiais das prácticas extracurriculares:

1. Non se poderá optar a prácticas extracurriculares nas mesmas empresas colaboradoras coas prácticas curriculares salvo excepción valorada polo departamento derivada dunha solicitude expresa da empresa e recollida no artigo 4 do presente regulamento.
2. Poderanse realizar prácticas ata cubrir o número máximo de créditos permitidos, poderase repetir empresa sempre e cando a mesma faga o pago ó alumno dunha contía a modo de bolsa de estudos equivalente o salario mínimo profesional.
3. As prácticas extracurriculares non teñen seguro cuberto pola consellería polo que a Empresa deberá garantir as condicións de seguro e cubrir o alumno fronte a calquera risco no seu período de prácticas. O alumno deberá presentar xustificante da tramitación do seguro por parte da empresa.
4. Ademais de tódalas referidas nas Instrucións de Prácticas da EASD.

## 6.- SOLICITUDES

Os/as candidatos/as dirixirán a solicitude en formato orixinal ao Departamento de Relación con Empresas, estudos ou talleres da EASD Mestre Mateo, o formulario/solicitude de autorización que figura anexo a esta convocatoria. Dito formulario poderá obtelo no Departamento de Empresas, proximamente la web da [www.easd.es](http://www.easd.es). Na solicitude deberá incluír tódolos datos e documentos solicitados para cada tipo de prácticas, A, B ou C.

### 6.1.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES, LISTAS PROVISIONAIS DE ADMITIDOS E LISTAS DE CONFORMIDADE

Constan dous prazos de presentación durante o ano académico en cuestión.

#### PRIMEIRO PRAZO:

- ENTREGA EMPRESA PROPIA
  - DIA 11 OUTUBRO, 11:00, DEP. PRODUTO: entrega de documentación a xefatura de empresas
- SACAMOS LISTADO ASIGNACIÓN
  - DIA 15 OUTUBRO. SACAMOS LISTADO ASIGNACIÓN (M+P)
- FIRMAN CONFORMIDADE
  - DIA 16 OUTUBRO. 11:00 DEP. PRODUTO: FIRMAN CONFORMIDADE)

#### SEGUNDO PRAZO:

- ENTREGA EMPRESA PROPIA
  - DIA 17 FEBREIRO, 11:00, DEP. PRODUTO: entrega de documentación a xefatura de empresas
- SACAMOS LISTADO ASIGNACIÓN
  - DIA 19 FEBREIRO. SACAMOS LISTADO ASIGNACIÓN (M+P)
- FIRMAN CONFORMIDADE
  - DIA 21 FEBREIRO. 11:00 DEP. PRODUTO: FIRMAN CONFORMIDADE)

## 7.- LUGARES DE NOTIFICACIÓN DOS ACTOS DERIVADOS DESTA CONVOCATORIA

Tódolos comunicación derivadas desta convocatoria faranse públicas no taboleiro de anuncios do Departamento de Relación con Empresas, Estudos ou Talleres.

**Os alumnos que non cumpran os prazos de presentación de documentación ou firma de conformidade entenderase renuncian o dereito a realización das prácticas e deberán agardar a nova convocatoria.**

## 8.- CONVENIO

A realización do convenio deberá facerse una vez o alumno obteña a autorización da solicitude de prácticas, e a EASD notificaralle que pode recollelo unha vez realizado para poder empezar a realización das prácticas extracurriculares.

## 9.- AVALIACIÓN DAS PRÁCTICAS

As prácticas extracurriculares, o igual cas curriculares terán un titor asignado na empresa como na EASD, e serán avaliadas conforme a realización dunha memoria, tal e como se recolle nas instrucións de prácticas da EASD. O alumno facilitará, no prazo máximo de 10 días dende o remate das súas prácticas, a documentación necesaria para a avaliación das mesmas. (memoria das prácticas e informe do titor da empresa que estará dispoñible na web da EASD). Dita avaliación condicionará o seu apto e computo de créditos no suplemento europeo do título.

As prácticas externas serán avaliadas e cualificadas polo titor/a da EASD Mestre Mateo, tendo en conta o informe individualizado sobre cada alumno/a redactado polo/a responsable da empresa na que se teñan realizado as Prácticas Externas.

A avaliación basearase no grao e nivel de adquisición e consolidación das competencias para esta disciplina.

Sistema de cualificación. As Prácticas Externas cualificaranse de 0 a 10, con un decimal. A nota final das Prácticas Externas establecerase ponderada en base ás seguintes porcentaxes:

- Asistencia, participación e colaboración no procedemento por parte do alumno/a (Valoración realizada polo/a titor/a académico/a do alumno/a na EASD Mestre Mateo)	10 %
- Memoria realizada polo alumno/a ( Anexo 2.1.3 ) (Valoración realizada polo/a titor/a académico/a do alumno/a na EASD Mestre Mateo)	30 %
- Avaliación feita polo/a titor/a da empresa (Anexo 2.2)	60 %

As memorias deberán entregarse ao titor/a académico na EASD Mestre Mateo ou na Secretaría de Escola, dirixidas, dende a data de remate das mesmas no prazo de dez días máximo para a avaliación.

### **10.- RECOÑECEMENTO DE CRÉDITOS**

Estas prácticas non forman parte do plan de estudos, pero a súa realización figurará no expediente académico e no suplemento europeo ao título.

No caso de realizar as prácticas extracurriculares antes das curriculares, os alumnos poderán solicitar recoñecemento dos mesmos e convalidar a realización das prácticas externas curriculares.

### **11.- CERTIFICADOS ACREDITATIVOS**

Ao remate das prácticas os alumnos poderán solicitar un certificado acreditativo da realización das mesmas na Secretaría da EASD. Asemade os titores (externos e académicos) poderán solicitar á EASD Mestre Mateo a remisión dun certificado como colaboradores da realización de prácticas externas coa EASD Mestre Mateo.

Santiago de Compostela, 11 de Setembro de 2019  
EASD Mestre Mateo. Departamento de relación con Empresas, estudos ou talleres.